
LA DESCOMMUNAL

REVISTA IBEROAMERICANA DE PATRIMONIO Y COMUNIDAD

ISSN 2444-0205



MONOGRÄFIK TRECE/AÑO12/SEP2026

ACTAS

SOPA24

XII CONGRESO INTERNACIONAL DE SOCIALIZACIÓN DEL PATRIMONIO EN EL MEDIO RURAL

Os Blancos_Baltar_Muiños_Calvos de Randín

PROVINCIA DE OURENSE/GALICIA_ESPAÑA

science commons

CC BY

LAUNDERGROUNDCOLECTIVA

LA DESCOMMUNAL

REVISTA IBEROAMERICANA DE PATRIMONIO Y COMUNIDAD

CRÉDITOS

EQUIPO EDITORIAL

SabahWalid_correcciones+maquetación
JuanjoPulido_diseño+comunicación

EDITA

La DESCOMMUNAL

ISSN: 2444-0205

San Salvador, 10 6ºA
06800 Mérida (Badajoz)
ESPAÑA
www.ladescommunal.org
info@laundergroundcolectiva.org

Septiembre de 2026

La DESCOMMUNAL, Revista Iberoamericana de Patrimonio y Comunidad es una publicación independiente, promovida por mentes inquietas y comprometidas con un patrimonio, un territorio y una comunidad.

Se permite cualquier explotación de la obra, incluyendo una finalidad comercial, así como la creación de obras derivadas, la distribución de las cuales también está permitida sin ninguna restricción. Es decir, todos los artículos están a tu disposición para leerlos, compartirlos y utilizarlos en tus publicaciones y proyectos, pero acuérdate de mencionar su origen y sus autores. Gracias!!

ES UNA PUBLICACIÓN DE

LAUNDERGROUNDCOLECTIVA
www.laundergroundcolectiva.org

ÍNDICE

LA DES COMM UNAL
REVISTA IBEROAMERICANA DE PATRIMONIO Y COMUNIDAD
MONOGRÄFIK TRECE/AÑO12/SEP2026
ACTAS SOPA24 XII CONGRESO INTERNACIONAL DE SOCIALIZACIÓN DEL PATRIMONIO EN EL MEDIO RURAL
Os Blancos_Baltar_Muiños_Calvos de Randín
PROVINCIA DE OURENSE/GALICIA_ESPAÑA

EDITORIAL

Sabah Walid [*Directora del SOPA*]/ESPAÑA_pp03-04

SEMINARIO
EL SABER MAYOR, EL MAYOR SABER

01_Dibujando memorias: entre relatogramas, memogramas y yayos
Adela Vázquez Veiga + Carla Boserman Romero +Claudia Delso _*Universidade de Vigo + Universidad Complutense de Madrid + Institut de Recerca Urbana de Barcelona, IDRA*/ESPAÑA_pp05-15

02_Mulheres Rurais - a força da Terra
Helena Antunes + Beatriz Rodrigues + Mariana Batista _*A Geradora – Cooperativa Integral* /PORTUGAL_pp16-22

03_Hablando en plata. Vida saludable a partir de los 60
Norma Angélica Juárez Salomo _*Universidad Autónoma del Estado de Morelos*/MÉXICO_pp23-30

04_Las vidas longevas y los museos locales
Fátima Braña Rey_*Universidade de Vigo* /ESPAÑA_pp31-35

05_La voz de la experiencia
Patricia Martín Rodríguez + Andrea Alías + Marian Berihuete + Juan Francisco Gibaja + Josep Maria Vergès + Chiara Messana_*Institut Català de Paleoecologia Humana i Evolució Social (IPHES-CERCA) + Universitat Autònoma de Barcelona*/ESPAÑA_pp36-45

SESIÓN TEÓRICA

06_La Escalera de Participación de Arnstein: un diagnóstico para el mundo cultural
Marta Pascual-Marzo_*Universidad de Alcalá*/ESPAÑA _pp46-58

07_GUARDIANES DEL SABER: La tapia pisada como legado de nuestras raíces
Claudia Mónica Castro Martínez + María Olga Largacha Martínez_*Universidad La Gran Colombia* /COLOMBIA _pp59-65

08_Entroido, patrimonio y comunidad: estudio descriptivo del ritual festivo como elemento de interacción social
Jackeline Elizabeth Fernández Macías + Fátima Braña Rey+ Lorena Rodríguez Campo _*Universidade de Vigo*/ESPAÑA _pp66-83

09_La mi agüela, Margarita. Un allegamientu alas lenguas agüelas comu resistencia al olvíu dela huía roal
Roberto Herrero García/ESPAÑA_pp-84-88

10_Unha auto-etnografía fotográfica de mulleres caboverdianas: narrativas migratorias a través de dúas exposicións colectivas en Bembibre e Burela
Iria Vázquez Silva + Sarah Lamas_*Mulleres á Fronte*/ESPAÑA_pp89-94

11_Rastrexando as Competencias de Capital a través das Infraestruturas Espaciais, Contaminación do Aire e Radiación Nocturna no Noroeste da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés
Raimundo Elías Gómez + Maria Gabriela Miño_*Instituto de Socioloxía da Universidade do Porto + Consello Nacional de Investigacións Científicas e Técnicas* /PORTUGAL-ARGENTINA_pp95-105

12_Menores en Riesgo de Exclusión y los Museos como Instituciones de Educación no Formal
Melina Ameneiro Hermida + Fátima Braña Rey_*Universidade de Vigo*/ESPAÑA _pp106-110

SESIÓN PROYECTOS

13_Creciendo Juntos. La comunidad educativa del Cerro de los Infantes y su rol en la infancia
Laura Reina Alonso + Olga Leyva Gutiérrez + Begoña Serrano Arnáez + Andrés Mª Adroher Auroux + Mª Luisa Hernández Ríos_*Universidad de Granada*/**ESPAÑA**_pp111-125

14_Laboratorio Ecosocial do Barbanza: un laboratorio vivo para a xestión multifuncional e a custodia colectiva do territorio
David Fontán Bestilleiro + Roque Sanfiz Arias _*Histagra-CISPAC, Universidade de Santiago de Compostela*/**ESPAÑA**_pp126-135

15_Identidad compartida. El "Limón" como manifestación cultural inmaterial de la identidad serrana
Igor Martín Curto/**ESPAÑA**_pp136-150

16_VIEJA Y YERMA COMO MI VIÑA
Lucía Álvarez-Borrajo_*Facultad de Bellas Artes. Universidad de Sevilla*/**ESPAÑA**_pp151-158


17_OS ANDARES. Unha serie de viaxes sonoras polos Ancares Lucenses
Iria Acevedo + Jose Díaz + Marcos PTT_*Fósforo Arte & Cultura + Galiza Emocional*/**GALIZA**_pp159-170

18_Apropriação, Arte, Criatividade. Do Projeto Arqueológico do Outeiro do Circo (Beja, Portugal) para a(s) comunidade(s)
Miguel Serra + Eduardo Porfírio_*Câmara Municipal de Serpa + Câmara Municipal de Sintra + Centro de Estudos de Arqueologia, Artes e Ciências do Património* /**PORTUGAL** _pp171-185

19_Escuchando las voces de la memoria: Bibliotecas Humanas en Asturias
Paloma Sánchez-Broch + Sofía Nevado Domínguez + Jean-François Alberghi + Marta Fernández Villar _*Universidad de Oviedo + La Ponte Centro de Investigación y Ecomuseo + Filopueblos*/**ESPAÑA** _pp186-207

20_Memoria Viva Tununguá
Sandra Patricia Pachón Monsalve/**COLOMBIA**_pp208-215

MONOGRÄFIK TRECE/AÑO12/SEP2026
14
ACTAS SOPA24 XII CONGRESO INTERNACIONAL DE SOCIALIZACIÓN DEL PATRIMONIO EN EL MEDIO RURAL
Os Blancos_Baltar_Muiños_Calvos de Randín
PROVINCIA DE OURENSE/GALICIA_ESPAÑA
LA DES COMM UNAL
REVISTA IBEROAMERICANA DE PATRIMONIO Y COMUNIDAD



SESIÓN PROYECTOS

Laboratorio Ecosocial do Barbanza: un laboratorio vivo para a xestión multifuncional e a custodia colectiva do territorio

David Fontán Bestilleiro + Roque Sanfiz Arias _*Histagra-CISPAC, Universidade de Santiago de Compostela/ESPAÑA*

histagra@usc.gal

resumo

O Laboratorio Ecosocial do Barbanza naceu a comezos de 2020 da colaboración entre a Fundación RIA e a Universidade de Santiago de Compostela a través do grupo de investigación HISTAGRA. Deseñado como un proxecto de historia aplicada, no inicio emprendeuse unha investigación histórica focalizada na recuperación de saberes locais co obxectivo de contribuír para unha maior resiliencia e sustentabilidade do territorio e das comunidades do Barbanza. Nesta comunicación propoñemos unha revisión do desenvolvemento do Laboratorio durante os seus primeiros catro anos de vida (2020-2024) e presentamos as principais reflexións que puidemos tirar do proxecto, en relación co papel da xestión colectiva para a resposta a novos retos socioambientais así como co valor da memoria biocultural e do coñecemento agroecolóxico local como chave de futuro.

#Sustentabilidade, #Historia aplicada, #Comunais, #Memoria biocultural, #Multifuncionalidade

O progresivo abandono da actividade agraria unido ás inercias de explotación forestal intensiva instauradas nas últimas décadas son procesos que implicaron grandes transformacións no manexo do territorio, con consecuencias negativas desde o punto de vista ambiental. Os incendios forestais, que se reducen en número pero gañan en tamaño até volverse incontrolables e ameazar directamente as vidas das persoas, son un exemplo paradigmático desta situación, definindo unha tendencia que non semella poder corrixirse unicamente coa crecente inversión pública en servizos de extinción (SOTO *et al*, 2024).



Figura 1. Explotación forestal intensiva no Barbanza.
Fotografía de Adrián Capelo para o Laboratorio Ecosocial do Barbanza.

O Laboratorio Ecosocial do Barbanza xorde neste contexto, a finais de 2019, a partir da colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela -a través do grupo de investigación HISTAGRA-, e a Fundación RIA, un *think tank* de análise e planificación territorial. Na súa formulación, o proxecto bebeu da tradición investigadora que foi quen de reconstruír as principais dinámicas históricas que explican a construción dos agroecosistemas e das comunidades que os manexaron (SOTO, 2002; CORBACHO, 2017), mais incorporando tamén as lóxicas da investigación-acción participativa e da historia aplicada (PICADO, 2013) como ferramentas para atopar solucións no territorio fronte aos retos actuais.

O obxectivo xeral do proxecto é contribuír a unha maior resiliencia e sustentabilidade do territorio e das comunidades do Barbanza, construíndo con elas a investigación e a planificación de actuacións. Traballamos sobre dúas premisas centrais: primeiro, que malia afrontar problemas globais, a escala da sustentabilidade debe ser local; e segundo, que os espazos de propiedade e manexo colectivo deben xogar un papel central no proceso de transición cara a sustentabilidade.

A área de traballo do Laboratorio é a península do Barbanza, unha biorrexión fortemente desagrarizada nas últimas décadas mais non despoboada, con preto de 100.000 persoas residentes e unha densidade de 200 habitantes/km^2. Trátase dun espazo que presenta problemáticas ambientais crecentes e onde as estruturas de organización e manexo comunal do territorio seguen a ser especialmente relevantes. Este contexto de abandono agrario e as negativas consecuencias que derivan del poñen en valor o traballo da historia aplicada á hora de reconstruír saberes aínda vivos no seo das comunidades locais, que até tempos moi recentes demostraron grande capacidade para o aproveitamento sustentable do territorio.




Figura 2. Situación dos Montes Veciñais en Galicia e no Barbanza.
Fonte: Laboratorio Ecosocial do Barbanza.

Na actualidade, máis dun terzo do territorio do Barbanza e case un cuarto do galego son Montes Veciñais en Man Común (MVMC), unha figura xurídica recente que responde a unha historia longa e complexa, inzada de transformacións e de conflitos (BALBOA, 2006; GEPC, 2006; RICO BOQUETE, 1995). A supervivencia e o recoñecemento da propiedade colectiva nunha extensión que se aproxima ás 700.000 hectáreas no conxunto de Galicia explícase principalmente pola resiliencia das comunidades locais debido ao importante papel que xogaban para a produción e reprodución das casas labregas. Os montes comunais eran o soporte e o motor dun sistema agrario orgánico que funcionaba de forma integrada (BOUHIER, 1979; SOTO, 2002). Proporcionaban aos veciños fertilizante para as terras de cultivo, alimento para o gando, auga, pedra, leña e moitos outros produtos. Nos últimos anos, a dinámica de plantación de piñeiros e eucaliptos de maneira intensiva que se iniciou no franquismo desembocou na proliferación de incendios cada vez maiores, o que está levando a moitas comunidades a explorar novas formas de multifuncionalidade que dalgún xeito conectan coas dinámicas históricas de manexo do territorio e tamén co coñecemento agroecolóxico local.

entre a investigación e acción: primeiros casos de estudo e *proxectos semente* (2020-2021)

O Laboratorio Ecosocial do Barbanza desenvolveu a súa primeira fase[1] entre 2020 e 2021, organizada en dúas etapas. Primeiro a fase de investigación, centrada en tres espazos de manexo colectivo que presentan diferentes características desde o punto de vista histórico, produtivo e ambiental -Baroña (Porto do Son), Froxán (Lousame) e Laíño (Dodro)-. Despois, a fase de acción, formulada co obxectivo de impulsar iniciativas produtivas innovadoras baseadas en criterios de sustentabilidade económica, ecolóxica e social, que desde o Laboratorio recibiron o nome de *proxectos semente*.

1. https://barbanzaecosocial.org/gl/inicio-proxecto/

O traballo de investigación consistiu, por un lado, na revisión de documentación desde o s. XVIII até a actualidade (censos, preitos, cartografía e ortofotografía, fontes hemerográficas...), colocando o foco sobre os tres casos de estudo seleccionados. Para a investigación tamén foi chave o traballo de historia oral, coa realización de entrevistas semiestruturadas -individuais e colectivas- a preto de 60 persoas. Esta tarefa contribuíu á recuperación da memoria biocultural (TOLEDO e BARRERA-BASSOLS, 2008) dos distintos espazos, así como ao recoñecemento e valorización destes saberes e das súas portadoras e portadores. Para fechar esta primeira fase de investigación, realizáronse encontros de devolución coas comunidades locais coa idea de compartir os coñecementos recollidos, de contrastar as lecturas realizadas e mais de debater sobre o futuro do territorio.

Na fase de acción publicouse unha convocatoria aberta para financiar tres proxectos semente. Estas iniciativas, escollidas entre unhas vinte propostas presentadas, xurdían de diferentes ámbitos -familiar, comunitario e institucional-, sendo consideradas polo comité avaliador representativas de todo o que se estaba a mover na sociedade civil[2].

2. https://barbanzaecosocial.org/gl/resolucion-da-convocatoria-de-proxectos-semente/



Figura 3. *Proxecto semente* "Máis ca Leña" na CMVMC O Fieitoso de Taragoña (Rianxo).
Fotografía de Adrián Capelo para o Laboratorio Ecosocial do Barbanza.

Estes primeiros dous anos de traballo de investigación e de apoio ao desenvolvemento dos proxectos semente deu lugar á publicación do libro Cando eramos sostibles. Aprendendo no Barbanza as claves do futuro (2021), recollendo boa parte da experiencia e dos coñecementos recollidos e construídos. A segunda versión ampliada do libro, dispoñible para descarga libre na páxina web do proxecto (barbanzaecosocial.org), publicouse dous anos máis tarde (FERNÁNDEZ PRIETO *et al*, 2023).

construíndo paisaxes sustentables da man das comunidades: *espazos semente* (2022-2023)

A comezos de 2022, o Laboratorio iniciou a súa segunda fase, planificada para outros dous anos (2022-2023). Neste caso a escala de traballo foi a de *espazos semente*, áreas de maior extensión que poden exemplificar a transición cara a modelos de xestión e uso sustentables, a custodia do territorio por parte das comunidades locais e o fomento da biodiversidade. Ademais, desde o punto de vista metodolóxico deuse un paso máis para superar a fragmentación entre investigación e acción dos dous primeiros anos, buscando unha maior integración dende o comezo co obxectivo de co-construír os procesos coas comunidades locais na lóxica da investigación-acción participativa. As dúas áreas definidas como espazos semente foron as brañas de Laíño (Dodro), á beira do río Ulla, e os MVMC do concello de Rianxo.

As brañas de Laíño son terras historicamente comunais, esenciais desde o punto de vista identitario e produtivo para as comunidades locais. Recentemente expropiadas e hoxe en progresivo abandono, a súa situación está a xerar importantes problemas socioecolóxicos. En materia de sustentabilidade, detectamos unha tripla ruptura -produtiva, identitaria e ambiental- derivada do abandono, a perda de propiedade colectiva e os problemas ambientais xerados. A análise histórica levounos a concluír que a conservación da natureza en zonas historicamente xestionadas como esta debería estar ligada ao mantemento dun certo nivel de aproveitamento agrario nunha perspectiva agroecolóxica En relación con isto, consideramos necesario aproximar de novo a xestión ás comunidades locais e desenvolver mecanismos de participación na definición de problemas e deseño de solucións.

A investigación deu como resultado varios informes nos que se detalla a traxectoria histórico-xurídica deste espazo, se expoñen as principais conclusións acerca da relevancia dos manexos históricos na construción da paisaxe e se presentan as problemáticas xeradas tras a expropiación e o abandono. Porén, as trabas burocráticas enfrontadas nun sitio onde operan distintas figuras de protección e a propiedade é estatal están a condicionar o desenvolvemento dun proxecto de recuperación socio-produtiva, impedindo até o momento a posta en marcha dun proceso de participación máis aló do mapeamento de actores sociais relevantes no territorio.

No *espazo semente* dos MVMC de Rianxo, o Laboratorio Ecosocial do Barbanza respondeu ao interese mostrado na chamada da Plataforma pola Defensa do Monte. Esta asociación, que agrupa a nove montes comunais que xestionan arredor dun total de 2.000 hectáreas, naceu tras un grave incendio forestal ocorrido en 2019 co obxectivo de transitar colectivamente do monocultivo forestal intensivo a modelos máis resilientes e sustentables. Estas ideas tomaron forma en 2020 cunha proposta asinada conxuntamente, a xeito de folla de ruta que permitise facer efectiva a construción dunha nova multifuncionalidade e que reforzase os vínculos entre habitantes e territorio achegando, en definitiva, beneficios ambientais, económicos e sociais.



Figura 4. Encontro do Laboratorio coa CMVMC do Araño (Rianxo), verán de 2023. Fotografía de Adrián Capelo para o Laboratorio Ecosocial do Barbanza.

O Laboratorio incorporouse entón a un proceso activo, comezando pola realización de entrevistas a membros das xuntas reitoras das nove comunidades de montes para coñecer máis sobre a súa traxectoria histórica, sobre os principais problemas e desafíos que enfrontan na actualidade e tamén sobre as súas expectativas de futuro. Tras unha análise sistemática das entrevistas, o Laboratorio organizou sesións de traballo e de información e debate sobre cuestións identificadas como preocupacións comúns ao tempo que se tecía rede con outras comunidades implicadas en procesos similares.

Pouco despois, e co acompañamento e asesoramento do Laboratorio, a Plataforma decidiu dar un impulso á construción dun monte máis diverso e multifuncional. Aproveitando a oportunidade que ofrecía unha convocatoria de bioeconomía forestal da Fundación Biodiversidad, financiada polo Ministerio de Transición Ecológica con fondos da Unión Europea, Plataforma e Laboratorio acordaron adaptar a folla de ruta inicial e desenvolvela con maior detalle, debullando fases e accións coas que poñer en marcha ese proceso de transición. A proposta presentada acabou por ser unha das escollidas, abríndose así unha terceira etapa para o Laboratorio Ecosocial do Barbanza, cun salto de escala en número de entidades implicadas, en financiamento e en capacidade de manobra das propias comunidades .

3. https://barbanzaecosocial.org/gl/resolucion-da-convocatoria-de-proxectos-semente/

algunhas reflexións finais

A distancia temporal e a experiencia de catro anos de traballo no Laboratorio Ecosocial do Barbanza permítenos non só reflexionar en profundidade sobre a traxectoria histórica e a situación actual do territorio, senón tamén sobre os procesos de investigación-acción participativa e as relacións que se poden tecer coas comunidades locais nun proxecto destas características.

A primeira conclusión á que chegamos é que no contexto galego non existen os espazos naturais que non teñan sido manexados polas comunidades locais nun longo proceso de coevolución entre as sociedades e a natureza, unha dinámica común á que se ten trazado para moitos outros lugares de Europa e do mundo (ver p.ex. AGNOLETTI, 2014). Cando se analiza a situación actual dos chamados "espazos naturais" ou cando se deseñan medidas de conservación pensando no futuro destas paisaxes, é preciso ter en conta que foron as comunidades locais as que os construíron e manexaron ao longo de séculos no marco da agricultura orgánica. De feito, unha das causas -e tamén consecuencia- da desarticulación económica, social e ambiental do territorio foi precisamente o abandono de prácticas agrarias que se viñan desenvolvendo antes da Revolución Verde.

Nas investigacións das distintas fases do Laboratorio identificamos unha relación directa entre o manexo orgánico e colectivo e a sustentabilidade, que analizamos nun sentido amplo e complexo: ecolóxica, económica e social. Entendemos por dimensión ecolóxica da sustentabilidade aquela que favorece a reprodutividade do sistema sen contribuír ao seu esgotamento, a económica é a que permite a provisión dos recursos necesarios para o sustento da poboación local, mentres que a social é aquela que garante a igualdade de acceso aos recursos e a cohesión dentro da comunidade.

Tamén rexistramos ao longo deste tempo prácticas, coñecementos e valores que podemos englobar nese concepto de memoria biocultural e que encaixan cunha concepción ampla da sustentabilidade. Este acervo de saberes constitúe un coñecemento agroecolóxico que foi central no manexo histórico do territorio, pero que ademais consideramos esencial recuperar, conservar, adaptar e utilizar para reconstruír paisaxes sustentables e con futuro. Este coñecemento profundo do territorio conforma, ademais, un patrimonio local de enorme valor, chave para imaxinar futuros diferentes e para concretar a transformación dunha determinada realidade. O apoio externo pode ser moi útil e mesmo necesario para desenvolver no contexto actual calquera proceso de transición, mais isto carece de sentido se non se conta con quen de verdade coñece e vive o territorio á hora de deseñar actuacións que sexan axustadas desde o punto de vista ecolóxico, económico e social.

Conectando con esta idea, non podemos deixar de destacar a relevancia da identificación dos habitantes co seu territorio e tamén o interese das comunidades coas que traballamos por reforzar estes vínculos entre as xeracións máis novas. Falamos dunha identificación que, fóra de cuestións esencialistas, se traduce en responsabilidade en relación co coidado da terra, pensando non só no presente senón tamén nas xeracións futuras.



Figura 5. Rabaño mancomunado da Plataforma pola Defensa do Monte de Rianxoe gandeiro contratado no marco da fase 3 do Laboratorio. Fotografía de Adrián Capelo para o Laboratorio Ecosocial do Barbanza.

referencias bibliográficas

AGNOLETTI, M. (2014)
Rural landscape, nature conservation and culture: Some notes on research trends and management approaches from a (southern) European perspective, en *Landscape and Urban Planning*, 126:66-73.
https://doi.org/10.1016/j.landurbplan.2014.02.012

BALBOA, X. (2006)
O monte en Galicia. Xerais. Vigo.

BOUHIER, A. (1979)
La Galice: essaie geographique d'analyse et d'interpretation d'un vieux complexe agraire. Imp. Yonnaise. La Roche-sur-Yon (Vendée).

CORBACHO, B. (2017)
Intensification of a peasant agriculture and soil fertility in an Atlantic territory: Galicia, 1750-1900 (tese de douramento). Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.

FERNÁNDEZ PRIETO, L.; SOTO, D.; QUIROGA, F.; FONTÁN, D.; SUÁREZ, R.; CAPELO, A.; BERTRAN, A.; RODRÍGUEZ LÓPEZ, M. (2023)
Cando eramos sostibles. Aprendendo no Barbanza as claves do futuro (2ª edición ampliada). Editorial RIA. Santiago de Compostela.

GEPC-GRUPO DE ESTUDOS DA PROPIEDADE COMUNAL (2006)
Os montes veciñais en man común: o patrimonio silente. Xerais. Vigo.

PICADO, W. (2013)
El juego académico y la historia aplicada, en *Revista de Historia*, 67:203-220.

RICO BOQUETE, E. (1995)
Política forestal e repoboacións en Galicia (1941-1971). Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.

SOTO, D. (2002)
Transformacións productivas na agricultura galega contemporáneada Agricultura Orgánica á Revolución Verde (1752-1986), unha aproximación a partir das macromagnitudes (tese de douramento). Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.

SOTO, D.; BALBOA, X.; FERNÁNDEZ PRIETO, L. (2024)
Del manejo campesino del fuego al incendio post-campesino en Galicia, en *Historia Agraria De América Latina*, 5(01):19-38.
https://doi.org/10.53077/haal.v5i01.181

TOLEDO, V.; BARRERA-BASSOLS, N. (2008)
La memoria biocultural: la importancia ecológica de las sabidurías tradicionales. Barcelona: Icaria Editorial.

LAUNDERGROUNDCOLECTIVA

LA DESCOMMUNAL

REVISTA IBEROAMERICANA DE PATRIMONIO Y COMUNIDAD



MUCHAS GRACIAS POR TU LECTURA. TE ESPERAMOS EN EL PRÓXIMO NÚMERO

MONOGRÄFIK TRECE/AÑO12/SEP2026

ACTAS SOPA24 XII CONGRESO INTERNACIONAL DE SOCIALIZACIÓN DEL PATRIMONIO EN EL MEDIO RURAL

Os Blancos_Baltar_Muiños_Calvos de Randín

PROVINCIA DE OURENSE/GALICIA_ESPAÑA

science commons

CC BY